



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE CELEIRO DA CONSELLERÍA DO MAR , POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE PERCEBE AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE DESDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DO BARQUEIRO, APROBADO PARA O TRIENIO 2025-2027

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG nº 251, do 31-12-2024) aproba o plan de xestión para o recurso específico de percebe (*Pollicipes pollicipes*), na modalidade desde embarcación, da Confraría de Pescadores do Barqueiro, que establece un número máximo de sete (7) embarcacións e catorce (14) tripulantes.
2. O 22 de xaneiro de 2025 a antedita confraría solicita o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a unha (1) embarcación con dúas (2) habilitacións.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro establece no artigo 42.1, entre outros requisitos:
"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión.





"No caso de que para a extracción de recursos específicos se empreguen técnicas de mergullo, será necesario que os mergulladores e mergulladoras estean en posesión da titulación axeitada aos medios empregados,"

2. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos establece no artigo 4º:

"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento,"

3. O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros requisitos establece:

- *"En ningún caso poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión"* (artigo 6.6).

- *"As embarcacións que poden optar a incorporar no seu permiso de explotación a modalidade de percebe deberán ter menos de 3 TRB ou menos de 2,6 GT"* (artigo 159.4).

4. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª, artigo 25.2 determina que:

"Ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de





explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas.”

5. A Orde do 30 de decembro de 2015 determina nos seus artigos 26 a 30 o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

6. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución, serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola *Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020* e que figura como anexo B desta resolución.

O catálogo de actividades recoñecidas como mérito para o baremo de acceso ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións é o que figura como anexo C desta resolución (actualizado o 01/10/2024) pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro) e pódese consultar na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

7. O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas establece, na súa disposición adicional primeira:

“As modalidades de recursos específicos nos permisos de explotación das embarcacións outorgaranse polo período de vixencia do plan de xestión aprobado.”





8. De acordo co disposto na Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, o outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

9. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, de conformidade co establecido no artigo 52 da antedita Orde do 30 de decembro de 2015.

10. O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 149/2024 , do 20 de maio, establece no seu artigo 13 que para o exercicio das súas competencias, a Consellería do Mar organízase en departamentos territoriais. O Departamento territorial de Celeiro *terá como ámbito territorial toda a provincia de Lugo e os concellos costeiros comprendidos desde Cedeira, incluído, ata os límites das provincias da Coruña e Lugo.*

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para outorgar a modalidade de percebe a unha (1) embarcación, con dúas (2) habilitacións asociadas, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da Confraría de Pescadores do Barqueiro, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.



Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores do Barqueiro, como entidade titular do plan de xestión, consonte o artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial

PS.: A xefa do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

(Resolución do 13/05/2024 do Conselleiro do Mar)

María Nazaret Díaz Rifón

(asinado dixitalmente á marxe)



ANEXO A

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1 O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento da modalidade de percebe a unha (1) embarcación, con dúas (2) habilitacións asociadas, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da Confraría de Pescadores do Barqueiro.

1.2 Requisitos das embarcacións.

Para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, consonte o artigo 25 da Orde do 30 de decembro de 2015, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación.
- b) Ter menos de 3 TRB ou 2,6 GT.
- c) Dispoñer de medios mecánicos de propulsión.
- d) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.

Ademais, ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas.

1.3 Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As solicitudes dirixiranse ao Departamento territorial de Celeiro no prazo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución da





convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores do Barqueiro.

A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (*DOG n° 141 do 26 de xullo de 2019*) no seu artigo 10° 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico, estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Polo tanto, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) do procedemento PE401 L, directamente polo armador interesado ou a través dunha entidade asociativa co documento de representación dispoñible na sede electrónica.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada polo/s titular/es do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, no caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2) No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta





información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a/s persoa/s propietaria/s da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

b) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa correspondente. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.

c) A persoa armadora deberá indicar na solicitude o número de tripulantes con certificación profesional que pretende enrolar.

d) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van valorar de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020:

d.1) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación

i) Indicar, no seu caso, se o armador foi titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á convocatoria.

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

ii) No caso de que o/a solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación estivese enrolado/a como percebeiro ou mergullador/a nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recurso específico de percebe nos 2 anos anteriores á convocatoria, deberá presentar copia do rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nesta e da libreta de embarque.

d.2) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.

i) Vendas da embarcación na lonxa ou centro de venda autorizado

Para a valoración desta epígrafe bastará con presentar copia do rol de despachos da embarcación solicitante, correspondente aos 2 anos anteriores á convocatoria, coa tripulación enrolada nesta.

A información relativa ás vendas en lonxa ou centro de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.



ii) Período da actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)

A información respecto ao registro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

d.3) Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión.

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

d.4) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria.

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

d.5) Formación da persoa armadora da embarcación.

- i) Actividades de formación:** documentación acreditativa das actividades formativas recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades (actualizado o 29/10/2021 pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro). Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.

Non se computarán aqueles cursos ou títulos profesionais necesarios para o exercicio da actividade: mariñeiro – pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a, certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

- ii) Titulación académica:** copia do título. Só se valorará a titulación académica superior.

d.6) Ter persoas enroladas do xénero feminino: copia do rol de despachos da embarcación e da tripulación enrolada nos dous anos anteriores á data da convocatoria ou certificación da capitanía marítima ao respecto.

e) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

f) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria.



1.4 Emenda da solicitude.

O departamento territorial, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese, se lle terá por desistida da súa petición, logo de resolución expresa.

A notificación das emendas realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da entidade asociativa.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva

2.1 O departamento territorial procederá á baremación das solicitudes e publicará, no seu taboleiro de anuncios e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras. Así mesmo, nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso selectivo e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se expoñerá, con carácter informativo no taboleiro de anuncios da entidade asociativa solicitante.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións seleccionadas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación, a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que poidan derivar da súa participación no procedemento.





Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante o departamento territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

2.2 Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, o departamento territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

En caso de empate na puntuación obtida e previo á publicación da resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas, este resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación, de acordo co apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Outorgamento da modalidade

O outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión. As persoas armadoras das embarcacións seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol actualizado de despachos da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes, á





Consellería do Mar, para a consulta das certificacións expedidas por ela. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

c) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

d) Certificación da entidade asociativa respecto da súa pertenza como asociado.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

O departamento territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

